

Estimado artesán e artesá:

Poñémonos en contacto con vostede para informarlle do proceso de eleccións á Comisión Galega de Artesanía.

O sector artesanal desta comunidade está representado na Administración pola Comisión Galega de Artesanía. A comisión está composta por representantes da Administración así como por representantes do sector artesanal, elixidos cada catro anos despois da celebración de eleccións entre o sector. Finalizado o período de representación da comisión actual, cómpre convocar a todo o sector para proceder ás eleccións onde se elixirán aos novos representantes do sector por cada provincia.

O que se presenta a continuación é un resumo do proceso electoral para a elección dos representantes por provincia na Comisión Galega de Artesanía:

1º - Publicación do censo electoral, que estará a disposición de todos os artesáns e artesás ata o día 3 de maio nos taboleiros de anuncios das xefaturas territoriais, na páxina web oficial da consellería (<https://economiaeindustria>) e na páxina web de Artesanía de Galicia (www.artesaniadegalicia.org), tendo ata o día 9 de maio para solicitar que se realice calquera modificación que sexa oportuna.

2º - Publicación no DOG do censo definitivo

3º - Apertura do prazo para a presentación de candidaturas.

4º - Análise das candidaturas por parte da Administración e publicación no DOG dos candidatos e candidatas.

5º- Envío da documentación necesaria para realizar as votacións a todos os artesáns e artesás inscritos/as no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, e inicio das votacións (disporán de 30 días naturais para realizar o seu voto)

6º - Apertura, recuento dos votos e publicación no DOG dos/as representantes elixidos/as.

Para máis información sobre o proceso electoral ou as funcións da comisión poden consultar os seguintes enlaces:

páxina web oficial da Consellería de Economía e Industria (<https://economiaeindustria>), na súa epígrafe de normativa.

<http://www.artesaniadegalicia.org/ga/web/descarga.php?ide=81&pag=>

<http://www.artesaniadegalicia.org/ga/web/descarga.php?ide=80&pag=>

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2011

María Nava Castro Domínguez

Directora xeral de Comercio